

PROTOCOLO
DE ADHESIÓN
Á REDE GALEGA
DE ACOLLEMENTO



XUNTA
DE GALICIA

Sumario

Obxecto.....	3
Obxectivos e principios de actuación.....	3
Centros que compoñen a Rede galega de acollemento.....	4
Centro coordinador da Rede galega de acollemento	4
Solicitud de adhesión	5
Derivación intercentros.....	6
Solicitud	6
Prazo de tramitación.....	6
Resolución	6

Obxecto

O presente protocolo ten por **obxecto** establecer o **procedemento de adhesión** dos centros de acollida á Rede galega de acollemento, prevista no artigo 48 da Lei 11/2007, galega para a **prevención** e o **tratamento integral** da violencia de xénero.

Obxectivos e principios de actuación

Os **obxectivos** que pretende acadar o presente protocolo son:

- 01 > Coordinar a adhesión dos centros de acollida á Rede galega de acollemento.
- 02 > Establecer os compromisos asumidos polas entidades titulares dos centros de acollida adheridos á Rede galega de acollemento.
- 03 > Desenvolver un modelo de comunicación directa entre os organismos competentes nesta materia.
- 04 > Establecer o procedemento de derivación de persoas usuarias entre distintos centros da Rede galega de acollemento.

Na aplicación deste protocolo atenderase aos seguintes **principios de actuación**:

- 01 > Voluntariedade para prestarlle unha atención integral, personalizada, áxil e inmediata ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos/ás menores ao seu cargo.
- 02 > Confidencialidade, protección e seguridade.
- 03 > Respecto á intimidade e dignidade das vítimas.
- 04 > Calidade na atención e profesionalidade dos equipos especializados.
- 05 > Coordinación das actuacións das distintas Administracións, entidades e axentes que interveñen ante unha situación de violencia de xénero.

Centros que compoñen a Rede galega de acollemento

Segundo establece o artigo 48.1 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, os centros de acollida son **recursos especializados residenciais e temporais** que ofrecen **acollemento, atención e recuperación** ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero.

Forman parte da Rede galega de acollemento os centros de acollida previstos no Anexo I deste protocolo.

Poderán adherirse á Rede galega de acollemento todos os centros de acollida que cumbran cos requisitos e características que se establezan regulamentariamente.

Centro coordinador da Rede galega de acollemento

Tal e como recolle o artigo 49.3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, o Centro de recuperación integral para mulleres que sofren violencia de xénero (en adiante CRI) actuará como **centro coordinador** da Rede galega de acollemento.

Nos seus labores de coordinación, o CRI será o responsable de **coordinar o acceso** á Rede galega de acollemento e de **tramitar as derivacións** de vítimas de violencia de xénero fóra de Galicia e receptor das que cheguen á nosa comunidade derivadas desde outras partes do Estado.

Solicitud de adhesión

Para adherirse á Rede galega de acollemento, as Administracións públicas ou calquera outra entidade que sexa titular dun centro de acollida, deberán remitirle ao órgano superior da administración autonómica competente en materia de violencia de xénero unha **solicitud** e, ademais, asumir os compromisos previstos neste protocolo.

A solicitud de adhesión efectuarase por **vía electrónica** a través do **formulario normalizado** (Anexo II) que se xunta a este protocolo, e que tamén estará dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia: <https://igualdade.xunta.gal>

Os centros de acollida adheridos á Rede galega de acollemento asumirán os seguintes **compromisos**:

- ✓ Garantir a prestación dun **servizo de atención continuada** e ininterrompida, as 24 horas do día os 365 días do ano.
- ✓ **Tramitar as solicitudes** de acceso no prazo máis breve posible e, preferiblemente, dentro das 8 horas seguintes á recepción da solicitud e da documentación complementaria, debidamente cubertas.
- ✓ **Xustificar**, motivadamente, a **denegación da solicitud de acollida e comunicar as causas** ao centro coordinador da Rede galega de acollemento de acordo co formulario establecido para tal efecto recollido no Anexo IV deste protocolo.
- ✓ Manter permanentemente **actualizada a información** sobre a dispoñibilidade de prazas na aplicación informática creada para tal efecto.
- ✓ Designar un/unha **profesional de referencia** para o **seguimento** dos casos e comunicación co centro coordinador da Rede galega de acollemento.
- ✓ **Volver acoller** a muller durante os seis meses seguintes a unha derivación, no caso de que o novo recurso non se adecúe ás necesidades da muller.

Derivación intercentros

Cando calquera dos centros que compoñen a Rede galega de acollemento considere necesario trasladar unha muller usuaria e as/os menores que a acompañen, no seu caso, a outro centro da Rede galega de acollemento, aplicase o seguinte **procedemento**:



SOLICITUDE

A solicitude de derivación efectuarase por **vía electrónica** a través do **formulario normalizado** (Anexo III) que se xunta a este protocolo, e que tamén estará dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia, <https://igualdade.xunta.gal>

O Anexo III enviarase ao **correo electrónico** do centro coordinador da Rede galega de acollemento **rga.igualdade@xunta.gal**

Xunto coa solicitude (Anexo III) deberá achegarse un **informe técnico** que recolla unha breve explicación da atención prestada á muller, e ás/aos menores ao seu cargo, a nivel xurídico, social e económico e que inclúa o **Plan de atención individualizada** da/s persoa/s que se derivan coa información actualizada.

O centro de acollida poderá solicitar, de ser o caso, unha breve **entrevista** telefónica ou por videoconferencia coa muller.



PRAZO DE TRAMITACIÓN

As solicitudes de derivación intercentros tramitaranse no prazo máis breve posible, e, en todo caso, dentro dos **5 días hábiles** seguintes á recepción da solicitude e da documentación complementaria, debidamente cubertas.



RESOLUCIÓN

Unha vez recibida a totalidade da documentación, o centro coordinador da Rede galega de acollemento **tramitará a solicitude** poñéndose en contacto cos diferentes centros que conforman a rede.